

## Autobiografía<sup>1</sup>

### I

Sentín o amor desde antes de nacer.  
Aínda lembro o brillo da luz,  
o aroma das rosas,  
a tépeda caricia da auga,  
a cálida melodía que me arrolaba.

A esperanza abaneaba as ás polos recunchos,  
repousaba sen présa, suspendida no instante,  
alimentaba pinga a pinga o xesto, a palabra, o silencio.

### II

Nacín. O corazón, aberto de portas e xanelas.  
Os meus pais anegaron de luz toda a casa.  
E eu deixei-me asolagar, mergullado  
na paz  
tenra  
da terra baixo unha choiva de verán.

### III

Crecín. Unha noite, a luz fuxiu,  
a dor atravesoume de parte a parte,  
a fonte secou  
e sementou os seus ovos o verme na mesma medula dos meus ósos.

Souben -entón e para sempre- que  
era a morte.

Corrín. Atravesei portas e corredores,  
abandonei -desolado- soles, rosas, fontes, choivas e esperanzas.

Cheguei a unha porta. Unha físgoa de luz asomaba por baixo...  
Os meus pais agardaban. Sabían -sabían-. Das súas mans brotaban feixes de luz, nubes de choiva.  
Só dixeron: “Amámoste tanto...”  
A terra aínda era fértil. E a semente xermolou,  
e regresou o trilo dos paxaros.

### IV

Despois, o tempo foi deixando sentir o peso da súa man encalecida.  
Medraron herbas e matogueiras.  
O lique apoderouse das paredes,  
e a claridade refuxiouse no faiado, debilitada polo mundo e polos anos.  
Alí foi alimentada -con fervor- polo verso e polo xesto.  
Tamén polo eco do recordo que aínda  
se filtraba ao final daquel corredor,  
baixo a porta.

---

<sup>1</sup> Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](http://abrentes.com), 3 de agosto, 2018. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>



## V

Un día, unha muller tróuxome  
un amor callado de silencios e palabras.

Na súa pel, tatuábanse -había que saber lelas-  
historias de tenruras solidarias.

Co seu corazón na man  
abriu portas e xanelas,  
e escorrentou óxidos, xurros, desertos, pesadelos e un milleiro de carrachas.

Conmoveuse por fin a vivenda enteira, desde os cimentos ás estrelas.

A casa toda desbordouse de claridades.

E dúas risas diminutas  
chegaron para alimentar o eco da miña voz,  
a pegada alegre dos meus pasos florecidos.

O crepúsculo compareceu. Levantou o voo a curuxa,  
a cámara lenta, coa paz serena do océano.

O xardín, que antes fose semente e despois flor,  
entendeu así

o segredo da eterna primavera:

borrar a súa máscara, reclinar o rostro

e amar -*amar*- ata a fin

ata a máis pequena e humilde aresta de herba,

aquela a que non chega nunca a luz,

nin a caricia nin a sombra do aire que refresca...